



MANIFESTO DÍA MUNDIAL DO COMERCIO XUSTO

11 maio 2024

O Comercio Xusto séntalle ben a todo o mundo

Hoxe, como cada segundo sábado de maio, unímonos aos máis de 50 países que celebran o Día Mundial do Comercio Xusto.

Hoxe, no noso Día Mundial, denunciámos as condicións inhumanas e insostibles nas que se elaboran produtos cotiáns como a roupa, o café, o azucre ou os artigos de hixiene. Detrás destes produtos, hai industrias millonarias, lideradas por moi poucas empresas multinacionais, que utilizan materias primas cultivadas por millóns de persoas no Sur global, baixo condicións abusivas de traballo, prezos ínfimos e explotación infantil.

E non só son violados os dereitos humanos, tamén o planeta sofre os impactos deste modelo económico que de forma indiscriminada destrúe bosques, deteriora os chans e pon en perigo a biodiversidade.

Os consumidores e consumidoras non podemos nin debemos ignorar as consecuencias deste modelo produtivo e comercial profundamente inhumano e insostible.

Pero, ademais, a cidadanía demandamos que as empresas sexan responsables dos seus impactos negativos. Por iso e #ante as próximas eleccións europeas, pedimos aos futuros representantes, que desenvolvan unha directiva ambiciosa que obrigue ás empresas para respectar os dereitos humanos e protexer o medio ambiente en calquera lugar do mundo.

Hoxe no Día Mundial do Comercio Xusto convidámosvos a sumarvos ao Comercio Xusto, un modelo que garante os dereitos humanos, os dereitos laborais e o coidado do único planeta que temos.

O COMERCIO XUSTO SÉNTALLE BEN A TODO O MUNDO

FELIZ DÍA MUNDIAL DO COMERCIO XUSTO!

